

Como un retábulo

Pinceladas barrocas



ROMÁN RAÑA

Álvaro Lago ofrécenos, no seu libro *O espello do gato*, unha abigarrada galería de personaxes viscosas, de comportamentos indecentes, de hábitos viciosos. Con escarpelo aceirado, o autor vai deseñando un retábulo onde se exhiben as condutas máis reprobábeis. Comparecen, así, maxistrados licenciosos, xuriscultos estafadores, leguleios tramposos, testaferros corruptos, avogados delincuentes. Xunto a eles, a curia que actúa con incuria, bispos insidiosos, bébedos, insalubres, sacerdotes escurantistas e intransixentes, católicos violentos, curas disolutos, páteres criminais; en fin, o clero manipulador exercendo toda clase de violencia. Tamén desta ralea xorden empresarios sen escrúpulos, ultramontanos, fascistas, que se enriquecen a todo custo, fidalgos alcólicos, magnates ludópatas, caudillos de barraca, burócratas de pacotilla. Acompaña a esta cohorte de indeseixábeis outro estrato de pelanduscas, buscavidas, pousafoles, mamelucos, matóns e chulos varios, etc. Xentes, en suma, dunha retorcida moral que pululan e infectan estas páxinas.

O que unifica este maremagnum pluriforme é a prosa de Álvaro Lago, compasiva cos débiles, fustigadora cos fortes. Atopamos a pincelada barroca impregnando o texto dun sabor propositadamente decimonónico unhas veces ou absolutamente contemporáneo noutras. Dous

n o m e s

acoden á

n o s a

m e n t e:

Valle-In-

clán co

seu de-

formante

e s p e r -

p e n t o e o

Vicente

Risco de

O porco

de pé, on-

de tamén

se arre-

mete con-

tra a bur-

guesía ou-

rensá sen

piiedade.

Tamén co-

mo o mes-

tre de Ou-

rense, o

noso autor

practica a

crítica mor-

daz, a sátira fe-

roz. Deste xeito, as

personaxes acaban sendo

caricaturas absurdas, siluetas

ridículas, escorzos bufonescos. O

que brilla nestas narracións é a pluma ingrávi-

da, enxeñosa, disparatada, o deseño malévolo,

as personaxes inverosímiles.

Álvaro Lago traballa o territorio máis esvaradío da literatura, o de máis difícil feitura, o de máis esforzado teor: o humor. Debaixo do acedume das críticas, da sordidez das historias, da dolorosa sociedade que retratan, está o enxeño, a graza, o riso como único paliativo deste mundo inmundo.

LAGO, Álvaro, *O espello do gato*, Ed. Endymion, Madrid, 2007, 206 páxinas

